XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**Iván Rodríguez Jiménez,** secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **16 de decembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**I.-** Expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Ampliación de Fragoso", a favor da CMVMC de Fragoso, no concello de Castrelo do Miño. Os solicitantes non compareceron na reunión, a pesares de seren citados.

O Xurado acorda a clasificación do monte, unha vez publicado polo concello o edicto do inicio da clasificación como monte veciñal en man común polo período dun mes sen que se presentasen alegacións, publicado tamén o edito no DOG e recibida a certificación do Rexistro da Propiedade.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez

**Asinado por:** ARMADA PÉREZ, JOSÉ ANTONIO
**Cargo:** O Presidente do Xurado
**Data e hora:** 08/05/2025 11:42:04

**Asinado por:** RODRIGUEZ JIMENEZ, IVAN
**Cargo:** Xefe de Sección do Servizo Xurídico-Administrativo
**Data e hora:** 08/05/2025 11:05:24

**CVE:** Ws1JozTHBoY1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo
32071 Ourense
Tel: +34 988 386 486
xuridico.mediorural.ourense@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*EDICTO do 22 de xaneiro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ampliación de Fragoso, a favor da comunidade de montes veciñais en man común de Fragoso, no concello de Castrelo de Miño.*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 16 de decembro de 2024, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ampliación de Fragoso, a favor da comunidade de montes veciñais en man común de Fragoso, no concello de Castrelo de Miño, resultan os seguintes feitos:

Primeiro. O 20 de febreiro de 2023 tivo entrada no Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural un escrito da CMVMC de Ramirás, dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, no cale solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Ampliación de Fragoso, a favor da comunidade de montes veciñais en man común de Fragoso, no concello de Castrelo de Miño.

Segundo. O 14 de maio de 2024, o Xurado Provincial acordou iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

CVE-DOG: 0kon9cy5-d6p6-ar69-gm16-zf8uzmgz5w79

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación existente no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Ampliación de Fragoso.

Superficie: 27,17 ha.

Pertenza: CMVMC de Fragoso.

Parroquia: Macendo (Santa María).

Concello: Castrelo de Miño.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Predio 1 (Pena e O Vedado):

Os terreos incluídos neste predio constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ben que están atravesados polo camiño correspondente á parcela coa referencia catastral 32023A03109003.

| Parcelas obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|
| Referencia catastral | Estremas | Referencia catastral |
| 32023A02800563 (parte)<br>32023A03100414<br>32023A03100415 (parte)<br>32023A03102000<br>32023A03104000 | Norte | 32023A02800563 (resto)<br>32023A02800457 |
| | Leste | 32023A02800457<br>32023A02800456<br>32023A02800455<br>32023A02800454<br>32023A02800453<br>32023A02800452<br>32023A02800451<br>32023A02800450<br>32023A02800449<br>32023A02800448<br>32023A02800447<br>32023A02800446<br>32023A02800445<br>32023A02800438<br>32023A02800437<br>32023A02800436<br>32023A02800435<br>32023A02800434<br>32023A02800433<br>32023A02800432<br>32023A02800431<br>32023A02800430<br>32023A02800429 |

CVE-DOG: 0kon9cy5-d6p6-ar69-gm16-zf8uzmgz5w79

| Parcelas obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|
| Referencia catastral | Estremas | Referencia catastral |
| | Leste | 32023A02800428<br>32023A02800427<br>32023A02800426<br>32023A02800425<br>32023A02800424<br>32023A02800423<br>32023A02800422<br>32023A02800421<br>32023A02800420<br>32023A02800419<br>32023A02800418<br>32023A02800417<br>32023A02800416<br>32023A02800415<br>32023A02800414<br>32023A02800413<br>32023A02800412<br>32023A02800405<br>32023A03109003<br>32023A02800409<br>32023A02800408<br>32023A02800404<br>32023A02800403<br>32023A02800401<br>32023A02800400<br>32023A02800398<br>32023A02800395<br>32023A02800394<br>32023A02800392<br>32023A02800391<br>32023A03101000 |
| | Sur | 32023A031019004 |
| | Oeste | 32023A03100415 (resto)<br>32023A03209003<br>32023A02800561 |

Predio 2 (Pena):

| Parcelas obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|
| Referencia catastral | Estremas | Referencia catastral |
| 32023A02800563 (parte) | Norte | 32023A02800563 (resto) |
| | Leste | 32023A02800563 (resto) |
| | Sur | 32023A02800465<br>32023A02800464<br>32023A02800463<br>32023A02800462 |
| | Oeste | 32023A02800462<br>32023A02800563 (resto) |

CVE-DOG: 0kon9cy5-d6p6-ar69-gm16-zf8uzmgz5w79

Predio 3 (Pena e Fragoso):

| Parcelas obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|
| Referencia catastral | Estremas | Referencia catastral |
| 32023A02800377<br>32023A02800381<br>32023A02800442<br>32023A02800443<br>32023A02800444<br>32023A02800559 (parte)<br>32023A02800563 (parte)<br>32023A02809003 | Norte | 32023A02800464<br>32023A02800563 (resto) |
| | Leste | 32023A02800563 (resto)<br>32023A02800563 (resto)<br>32023A02801000 |
| | Sur | 32023A02800279<br>32023A02800268<br>32023A02800267<br>32023A02800269<br>32023A02800265<br>32023A02800264<br>32023A02800253<br>32023A02800256<br>32023A02800261<br>32023A02800262<br>32023A02800263<br>32023A02800195<br>32023A02800194<br>32023A02800193<br>32023A02800191<br>32023A02800190<br>32023A02800189<br>32023A02809007<br>32023A02800184<br>32023A02809004<br>32023A02800171<br>32023A02800170<br>32023A02800169<br>32023A02800168<br>32023A02800167<br>32023A02800166<br>32023A02800165<br>32023A02800164<br>32023A02800163<br>32023A02800161<br>32023A02800160<br>32023A02800157<br>32023A02800156<br>32023A02800151<br>32023A02800150<br>32023A02800149 |

CVE-DOG: 0kon9cy5-d6p6-ar69-gm16-zf8uzmgz5w79

| Parcelas obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|
| Referencia catastral | Estremas | Referencia catastral |
| | Sur | 32023A02800147<br>32023A02800145<br>32023A02800142<br>32023A02800140<br>32023A02800139<br>32023A02800138<br>32023A02800137<br>32023A02800135<br>32023A02800134<br>32023A02800133<br>32023A02800132<br>32023A02800373<br>32023A03109001 |
| | Oeste | 32023A03109003<br>32023A02800391<br>32023A02800406<br>32023A02800407<br>32023A02800408<br>32023A02800409<br>32023A02800410<br>32023A02800411<br>32023A02800412<br>32023A02800413<br>32023A02800414<br>32023A02800415<br>32023A02800416<br>32023A02800417<br>32023A02800418<br>32023A02800419<br>32023A02800420<br>32023A02800421<br>32023A02800422<br>32023A02800423<br>32023A02800424<br>32023A02800425<br>32023A02800426<br>32023A02800427<br>32023A02800428<br>32023A02800429<br>32023A02800430<br>32023A02800431<br>32023A02800432<br>32023A02800433<br>32023A02800434<br>32023A02800435<br>32023A02800436<br>32023A02800437<br>32023A02800438 |

CVE-DOG: 0kon9cy5-d6p6-ar69-gm16-zf8uzmgz5w79

| Parcelas obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|
| Referencia catastral | Estremas | Referencia catastral |
| | Oeste | 32023A02800445<br>32023A02800446<br>32023A02800447<br>32023A02800448<br>32023A02800449<br>32023A02800450<br>32023A02800451<br>32023A02800452<br>32023A02800453<br>32023A02800454<br>32023A02800455<br>32023A02800456<br>32023A02800457<br>32023A02800458<br>32023A02800459<br>32023A02800460<br>32023A02800461<br>32023A02800462<br>32023A02800463<br>32023A02800464 |
| | Enclavados | 32023A02800378<br>32023A02800379<br>32023A02800380<br>32023A02800383<br>32023A02800384 |

Predio 4 (Pena):

| Parcelas obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|
| Referencia catastral | Estremas | Referencia catastral |
| 32023A02800563 (parte) | Norte | 32023A02800563 (resto) |
| | Leste | 32023A02800563 (resto) |
| | Sur | 32023A02801000 |
| | Oeste | 32023A02801000 |

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992,do 4 de setembro, o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, que establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Ampliación de Fragoso, a favor da comunidade de montes veciñais en man común de Fragoso, no concello de Castrelo de Miño, de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de

CVE-DOG: 0kon9cy5-d6p6-ar69-gm16-zf8uzmgz5w79

dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 22 de xaneiro de 2025

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: 0kon9cy5-d6p6-ar69-gm16-zf8uzmgz5w79

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 105 | Mércores, 4 de xuño de 2025 | Páx. 31439

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*CORRECCIÓN DE ERROS. Edicto do 22 de xaneiro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ampliación de Fragoso, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Ramirás, no concello de Castrelo de Miño.*

Advertido un erro no devandito anuncio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 25, do xoves 6 de febreiro de 2025, cómpre facer a seguinte corrección:

No sumario, nas páxinas 9981 e 10365, onde di: «EDICTO do 22 de xaneiro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ampliación de Fragoso, a favor da comunidade de montes veciñais en man común de Fragoso, no concello de Castrelo do Miño», debe dicir: «EDICTO do 22 de xaneiro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ampliación de Fragoso, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Ramirás, no concello de Castrelo de Miño».

No anuncio, no parágrafo terceiro da páxina 10365, e no parágrafo quinto da páxina 10371, onde di: «Ampliación de Fragoso, a favor da comunidade de montes veciñais en man común de Fragoso, no concello de Castrelo do Miño», debe dicir: «Ampliación de Fragoso, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Ramirás, no concello de Castrelo de Miño».

No anuncio, no punto cuarto da páxina 10366, onde di:«Pertenza: CMVMC de Fragoso», debe dicir: «Pertenza: CMVMC de Ramirás».

CVE-DOG: vpzhvav1-czk9-nhl2-uay9-2ghz8idprca2




- O Picouto dos Corvos
- Ampliación de Fragoso
- Ampliación de Fragoso (solicitude)
- Montes clasificados
- Concellos_IGN

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SERVIZO DE MONTES DE OURENSE

Proposta de clasificación coma MVMC dos montes "Ampliación de Fragoso" e "O Picouto dos Corvos" a favor da CMMVVMC de Ramirás, no concello de Castrelo de Miño

| | | | |
|---|---|---|---|
| N E S W<br>0 100 200 400 m | ESCALA: 1:8000<br>DATA: Xuño 2023 | Sistema de referencia ETRS89<br>Coordenadas UTM<br>Fuso 29 | BASE CARTOGRÁFICA:<br>PNOA 2020<br>+<br>Catastro |